

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colegiado:
PLN/2022/7	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	27 de OUTUBRO de 2022
Duración	Desde as 20:00 ata 23:20 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MINIA ASTRAY BARCA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI



Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación

Non hai acta da sesión anterior para a súa aprobación.

2. Expediente 707/2022. Modificacións de crédito.

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

Toma a palabra o Sr. Alcalde para ler a proposta correspondente ao Expediente 707/2022 do crédito extraordinario en base a dúas actuacións ás que fai referencia e describe ambas e ao custe total das mesmas. Fai referencia ás problemáticas das instalacións e polo tanto para o destino das obras e que todo está determinado por medio da Memoria valorada.

Toma a palabra a Sra. Molinos voceira do PP que indica que a pesar de que n varias ocasións solicitamos que non inclúan nunha mesma proposta actuacións que non teñen que ver entre si ségueno facendo e isto complica a votación do punto. En canto a proposta do arranxo dos pozos é algo que se debe acometer e con relación a ampliación da Escola d Santo Ourente parécenos bastante confuso e indica os diferentes datos e documentos que constan no expediente. Polo que solicita que aclare o Sr. Alcalde as mesmas e porque pretenden habilitar un crédito de 104.790,66 € non correspondentes cos 103.761,66 €.

De todos xeitos o resultado da actuación sería a ampliación en poucos metros cadrados e creación dun espazo para uns mini aseos, en canto ao espazo exterior sería o mesmo, polo tanto, sería 2.500€ m2 de edificación nova o que é unha boa cifra. Na comisión informativa dixo que esa actuación lles parece suficiente e disentimos parécenos pouco para esta parroquia, e que os veciños merecen un pouco máis. Na pasada lexislatura adquiriuse unha parcela cunha superficie para



poder realizar eventos ao aire libre e para a construción dun edificio cultural e que tamén as diferentes celebracións desta parroquia e sería idónea para a solicitude dunha subvención ao grupo DELOA e seguro que encaixaría en calquera axuda para instalacións culturais. Queremos un edificio novo coas características adecuadas para a parroquia e as necesidades sociais.

Por todo o anteriormente exposto queremos presentar unha enmenda que establece o seguinte: “o grupo municipal do Concello de Outes considera que o proxecto que serve de base de modificación de crédito coa forma de crédito extraordinario con cargo ao remanente líquido de tesourería relacionado coa ampliación da Escola de San Ourense non é o máis axeitado para os fins que se pretenden conseguir, xa que, non solucionarían as necesidades dos veciños da parroquia de San Ourense de ter un local suficiente e adecuado para desenvolver a súa vida social comunitaria e cultural. Esta ampliación non proporcionaría nin o espazo nin as prestacións requiridas nin permitiría que se puidera reservar un espazo para a demanda reiterada dos veciños e albergar un centro de interpretación do sombreiro san cosmeiro, sendo este un elemento cultural moi vinculado coa parroquia. Pensamos que o máis acado para dar resposta ao requirimento dos veciños sería proxectar a modificación que cubra as necesidades expostas. Queremos presentar unha enmenda de xeito que a proposta de acordo se modifique nos seguintes termos: indica que sería a mesma proposta coa eliminación da partida que ten que ver con esta escola”. Para rematar deixar constancia de que se aprobase a proposta do goberno e se acometesen as citadas obras estaríamos hipotecando o desenvolvemento dun proxecto máis acado para as expectativas dos veciños.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que indica que dende o BNG en que non meta no mesmo punto actuacións que nada teñen que ver que nos condicionan o noso voto ao resto dos grupos, pero entendemos que é unha estratexia que ata agora funcionoulle moi ben.

Neste caso son dúas proposta que o BNG leva pedindo e esperando e máis os veciños e veciñas. En canto á ampliación da Escola de San Ourense era unha necesidade que tiñamos constancia e algo moi demandado este punto de encontro e para desenvolver actividades. Votamos de menos que para acometer esta actuación vote man dos remanentes e non faga vostede os trámites necesarios para conseguir subvencións para abaratar os custes dos mesmos, xa que este é bastante elevado. En canto ao que acaba de nomear a voceira do PP sobre un ben do noso concello que si que entendemos que debe ser representativo e darlle importancia, parécenos irónico que en todo o tempo que



governaron non foron capaces de facer nada do san cosmeiro e acórdase agora. Benvido sexa o local social desta parroquia que tanto se precisa.

En canto ao saneamento alegrámonos da actuación, o saneamento do noso Concello é coñecida a insistencia dende o BNG a prioridade que ten e é unha limpeza e saneamento necesario, xa que existen lugares nas que as vivendas non están conectadas a este saneamento pero temos un problema serio de ratas en distintas parroquias. Moitas dos accesos son polos punto do saneamento. Cremos que é unha actuación necesaria.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que esta vez trae unha modificación do orzamento vixente mediante un crédito extraordinario de 151.000€. en primeiro lugar todas as obras de saneamento sempre tiveron o noso apoio xa que nos parece primordial e necesario e tamén o saneamento integral en moitos lugares. En canto ao crédito da Escola de San Ourente xa non estamos tan de acordo, non dicimos que non sexa necesaria, pero hai dous puntos: 1. A inexistencia do estado de gastos do orzamento de crédito destinado a estas finalidades específicas e 2. O carácter específico e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.

Neste segundo punto créame que se presentan orzamentos de cara o vindeiro ano ben se podería demorar uns meses a obra. Dende o noso punto de vista son obras que se poderían amañar con gastos doutras entidades públicas ou mesmo metelas no POS 2023. Sabe cal procedería por urxencia? A piscina municipal de Outes e para iso pida cartos nos remanentes porque non pode pasar nin un día máis nesta situación para os usuarios. É cuestión de prioridades e para nós a piscina é prioritario e a Escola podería demorarse uns meses e ao mellor vostede traela agora porque están preto as eleccións. O uso dos remanentes son para usos prioritarios non para outras cousas. Con isto coincido co PP en que rógolle que se se pode votar por separado as dúas actuacións deste crédito extraordinario que se vai pagar cos aforros dos veciños.

Toma a palabra o Sr. González que en primeiro lugar a votación por separado non tería sentido salvo no caso da adopción da enmenda. Evidentemente temos outra forma de actuar, neste punto témolo claro, existindo infraestruturas que poidan co gasto necesario adecuarse a un uso social preferimos facer iso e non construír outro. O que nos doe e ver a cantidade de instalacións baleiros e que son gastos para as arcas municipais. Con relación ás cantidades pode haber un erro e revisarse e outra cuestión importante con relación a enmenda non estamos de acordo, antes de vir a pleno esta proposta foi compartida coas dúas asociacións



que actualmente traballan na parroquia. As asociacións dixéronnos que isto lles parecía ben e sobre o San cosmeiro, cremos que hai actividades e manter esa tradición viva e non o museo que plantexan.

Con relación ás verbas do Partido Socialista sen dúbida ten carácter prioritario pero tamén dicir que non fai moito tempo nun Concello moi próximo gobernado polo Partido Socialista utilizáronse 150.000€ do remanente para o pago de facturas que non tiñan crédito. Dito isto non sei se queren comentar algo máis e pasa a describir o proceso que se fai con relación a incorporación da enmenda.

Solicita a voceira do BNG un receso. Tras un receso de 5 minutos retómase o Pleno da Corporación.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que aínda non aclarou sobre as incoherencias do proxecto e reitera a pregunta con relación á diferenza de valor e con respecto ao que di sobre a súa política entendemos que sempre e cando as infraestruturas sexan acordes aos fines e neste caso cremos que non se cumpre. Cn relación a falar cos veciños o que nos trasladan é que a ampliación e un parche e parécenos que non se debe acometer ese proxecto porque quedaría hipotecado un futuro proxecto máis acorde ás necesidades.

Toma a palabra a Sra. Suárez que expón que coincide co grupo de goberno en que se debe optimizar recursos e o uso das nosas infraestruturas e efectivamente despois non quedan cartos para acometer outras cuestión máis urxentes das que si deberían poder acudir ao remanente. Con respecto á enmenda, por un lado estaría ben que nos tiveran informados da mesma, xa que, é aun proxecto que foi exposto á veciñanza e que non nos consta que desgustara. Chama a atención que falen agora de réditos electorais, o BNG temos a costume de buscar rendemento electoral durante todo o mandato por iso levamos presentadas máis de 40 mocións aos do PP non os vimos presentar ningunha para esta parroquia. Anuncia o non apoio a enmenda por non ter coñecemento previo e aínda así esta enmenda significa é que San Ourense siga sin ter un local social que os veciños levan esperando dende fai décadas. Insistimos ao grupo de goberno de que deixe esta mala costume de ligar diferentes proxectos nun mesmo punto.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que o indica que o Partido Socialista que si estamos a favor da obra pero non de pagala con cartos do Concello existindo outras maneiras de sufragalo. Vostede dixo que non ian chegar 100.000€ para o amaño da piscina pero repítole que aquí votouse a favor de gastas 400.000 € en pistas forestais do remanente que mos pode pedir para amañar a piscina de



Outes, se vostede tiña 5.000.000 € cando chegou e quedan 2.000.000 €, non me diga que non ten remanente o que faltan son as prioridades. Non é prioritario pero para nós si que é necesario a Escola no que non estamos de acordo é de como sufragar eses gastos. Prioridade, morreu un rapaz en Ourense porque lle caeu unha parede abaixo e lembra vostede como está a parede do campo de fútbol que o Partido Socialista de Outes leva 2 anos reclamando que a amañe, cando pase unha desgraza ... marquemos prioridades para iso terá todo o noso apoio.

Toma a palabra o Sr. González para indicar que sería necesario un pouco de coherencia, tamén propoñemos arranxar a escola de Vila do Monte co remanentes e o propuxo vostede non a piscina. Temos moitas necesidades pero non nos veña a dar leccións de que non escollemos correctamente. Como vostede sabe as pingueiras da piscina leva máis de catro e de oito anos que está funcionando a piscina.

VOTACIÓN DA INTRODUCCIÓN DA ENMENDA

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos en contra

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 votos en contra

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención

Tras a votación da decae a inclusión da enmenda e procédese á votación do acordo inicial, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 abstencións

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 3/2022, na modalidade de crédito extraordinario, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, de acordo co seguinte resumo por capítulos:



Estado de gastos

Aplicación		Descripción	Créditos iniciales	Crédito extraordinario	Créditos finales
Progr.	Económica				
321	63200	Educación; Edificios y otras construcciones	144.256,63	103.761,66€	248.018,29
161	61900	Saneamiento; reposición de infraestructuras	0,00	47.810,25€	47.810,25€
		TOTAL		151.571,91 €	

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de Tesouraría, nos seguintes termos:

Estado de ingresos

Aplicación		Descripción	Créditos iniciales	Crédito extraordinario	Créditos finales
Progr.	Económica				
321	63200	Educación; Edificios y otras construcciones	144.256,63	103.761,66€	248.018,29
161	61900	Saneamiento; reposición de infraestructuras	0,00	47.810,25€	47.810,25€
		TOTAL		151.571,91 €	

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.

b) A inexistencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.



SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

3. Expediente 722/2022. Recoñecemento extraxudicial de créditos.

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para realizar as aclaracións con relación a este punto e que de conformidade coa lexislación é preciso introducir por urxencia e polo tanto, proceder á votación da urxencia para a súa inclusión na orde do día e indica que é necesaria a maioría absoluta para a introdución da mesma. Vótase a urxencia do punto, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 abstencións

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención

Introducido o punto na orde do día pola maioría absoluta, o Sr. González expón a proposta relativa ao Expediente 722/2022 relativo ao recoñecemento extraxudicial de crédito de tres facturas por diferentes problemas de carácter burocrático. Estas facturan suman 10.230,04 €.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que na Comisión de Contas o Sr. Alcalde sorprendeu con este REC que se incluíu na comisión de xeito urxente e agora de novo porque non lles deu tempo como debería ser. É certo que é urxente porque as empresas levan sen cobrar dende o novembro pasado. A documentación non se puxo ao noso dispor por tanto o tempo foi limitado. En canto as facturas sendo servizos que foron prestados e validados polos responsables entendemos que teñen que ser aboados aínda que non tivemos moito tempo de facer todas as comprobacións.

Toma a palabra o Sr. Núñez que expón que como veñen dicindo ao longo destes



anos estaría ben que estas facturas as tiveran metidas con anterioridade polos provedores que non poden estar agardando tanto e que o goberno explique cales son eses problemas burocráticos ou o explique aos veciños. Agradecemos o traballo técnico do persoal do Concello e por iso pedímoslle que faga caso aos informes de Secretaría e Intervención.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que o que di en tódolos REC, sabemos que as facturas hai que pagalas e as veces gustaríanos que as empresas presentasen as facturas en tempo e que o Concello pagase en tempo e forma se é posible.

O Sr. Alcalde fai unha pequena explicación con respecto á problemática a hora de traer o presente expediente. Oa mesmo a Sra. Molinos fai referencia ás certificacións e o Sr. Núñez a que hai que pagar en tempo e forma.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 abstencións

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 5/2022 por importe total de 10.230,04€ que se corresponden coas facturas:



REC 5/2022

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo
F/2021/3317	3/11/21	48	19/10/21	3290,97	B70527692	CONSTRUCIONS ALVITE GONZALEZ S.L.	1. MEJORAS EN LA ENVOLVENTE EXTERIOR / nº 176adossado autoportante libre, realizado con placa de yeso laminado - 715 norm LIQUIDACIÓN POS + 2019
F/2021/3341	04/11/21	E 27	04/11/2021	4882,07	B15866965	CONSTRUCIONS E OBRAS ANDUJAR S.L.	MODIFICADO CAMINO DE BRONXA Nº 88 A FERRUCIERRA (SAN COSME) (LIQUIDACIÓN POS + 2019 MODIFICACI OCA
TOTAL OBRAS				8173,04			
F/2021/534	21/12/21	36/21	17/12/21	2057,00	F70602164	FP ARQUITECTURA S. COOP GALEGA	Factura de Honorarios por la Dirección de Obra do Estabele Ciprián (parte proporcional equivalente a 68% do total)
TOTAL SERVICIOS				2057,00			
TOTAL OFI				10230,04			



SEGUNDO. Aplicar, con cargo ao vixente orzamento municipal de 2022, os



correspondentes créditos con cargo ás aplicacións orzamentarias que se conteñen nas relacións sinaladas no punto anterior.

4. Moción Partido Socialista.

Favorable

Tipo de votación

MOCIÓN

Unha vez mais e chegadas estas alturas do ano imos pasar a falar das obras que irán ou deberían estar incluídas no próximo Plan Provincial de Obras e Servizos da Deputación da Coruña . Sin dúbida que haberá moitas e moi necesarias coma sempre, pero o partido socialista de Outes quere propoñer por cuestión de prioridades algunhas actuacións das que xa se falaron en varias ocasións e que sin dúbida dende o noso punto de vista deberían estar na próxima lista.

A primeira delas e a Humanización do resto da rúa da capela ata o derradeiro edificio ou seguinte cruce a este. Unha obra que nos defendemos cando se propuxo de facela enteira, xa que considerámbamos que tanto pagaban e o merecían uns veciños coma outros, pero que segundo o grupo de goberno non tiña falta a parte superior xa que se atopaba en bo estado. Logo trouxérona a pleno para facer con cartos dos remanentes do concello e nos dixémoslle que a fixera con cargo a un dos POS da Deputación e por iso a traemos aquí agora, para que se inclúa no vindeiro Plan Provincial (Plan Unico de Concellos / POS 2023).

A segunda ven sendo unha obra que o Partido Socialista lle dou por escrito como proposta de Obra para o POS 2020 e que en vinte tantas ocasións lla reclamou a compañeira do Partido Popular en outros tantos rogos feitos nos plenos e trátase da ampliación e amaño da estrada que vai da igrexa de Entíns a Fontenlos.

A terceira, que non por ir neste lugar é menos importante, é o Proxecto e execución da mellora de eficiencia enerxética nos focos do Campo municipal do Conchido. Que coa que nos está a caer polo tema da electricidade xa me dirán vostedes si é necesaria ou non, ademais de que agora no inverno votan mais de 6 horas alumeando continuamente, xa que lles lembro que o Outes F.C. na actualidade atende a mais de 200 rapaces en ditas instalacións.

E a cuarta, nunha aposta como facemos sempre dende o partido socialista de Outes polo rural, é o Revestimento da ampliación ou anexo da escola de Viladomonte e a reparación do pavimento da estrada que une a DP6202 coa



mesma vila por diante e por detrás.

(ACORDO) E por todo isto propoñemos a esta corporación que nos de o seu apoio para incluír estas obras no vindeiro Plan de Obras e servizos e que contribúan si así o desexan coas enmendas pertinentes na comisión de Servizos correspondente.

DEBATE

Toma a palabra a Sra. Molinos que a necesidade de acometer estas obras para incluír no POS parécenos razoable e queremos facer unha aclaración con relación a moción anterior que era unha que xa estaba incluída (estrada de Entíns a Fontenlos) a execución desta obra formaba parte dunha moción do PP, é certo que a execución desa obra foi reclamada por este grupo e foi incluída parcialmente no POS 2022 (só un tramo), é dicir que o goberno esqueceu un tremo. Fai mención a que esa obra foi reclamada mediante rogos e esa apreciación non é exacta, xa que non foi a ampliación senón a limpeza da mesma e tamén foi aprobado con carácter de urxencia fai dous anos, o mesmo tempo de desatención dese compromiso. De todos xeitos Sr. Caamaño que se aprobe hoxe esta moción non quere dicir que se cumpra, xa que, este goberno non cumpre moitas das mocións aprobadas no presente Pleno.

Toma a palabra a Sra. Suárez aclara que en canto aos focos do campo de fútbol entendemos que ten razón e non entendemos porque non se meteu na subvención do IDAE para o cambio das luminarias do Concello. En canto ao punto que fai referencia pola Rúa da Capela no seu momento cando se executou a parte xa feita foi o BNG a que presentou nunha enmenda o que hoxe presenta o Partido Socialista. Non nos parecía o máis axeitado acometelo por fases, entendemos que hai que cometela enteira pero cando falamos de acometer esta rúa é de xeito íntegro e non o que pretender facer e deixar 100 metros sen acabar de acometer ou sen arraxar. O resto da moción do Partido Socialista non sabemos moi ben cal é a finalidade en meternos na moción na que fai as súas propostas para o POS cuestións que deberíamos facer por medio de achegas como así se non indicou e non entendemos porque se realiza mediante moción. O que temos claro son as urxencias e prioridades no noso Concello e quedamos con esa dúbida dos focos do campo de fútbol.

Toma a palabra o Sr. González indica que falando de prioridades vostede indicou con anterioridade unha obra que era máis prioritaria. O que vostede plantexa en liñas xerais estamos de acordo pero teño que indicar que establecemos unha



metodoloxía que era que todos nos reunimos no seu momento para que fixeran proposta para o seguinte POS e vostede decide facela por esta vía. Por esta razón anuncia a abstención.

Sobre a cuestión de eficiencia enerxética era para a substitución do alumado público pero como unha mellora, e as melloras si que só podían ser por un importe determinado e por iso non se puideron poñer.

Toma a palabra o Sr. Caamaño para dirixirse ao PP e indicar que a pesar de que désemos a obra en outubro do 2019 e nós votamos a favor por unha obra súa e danos igual quen a presente só dependendo de como se gasten os gastos. Di o Sr. González que a moción está moi ben pero que despois o goberno xa a levará adiante ou non e vostede aprendérono moi pronto. Con respecto ao BNG vostedes presentaron unha moción para que a obra se cometera ata arriba e con relación porque fago as miñas propostas por moción é porque con relación ata a Rúa da Capela fñixose hasta o final, a dos focos ao non entrar no cambio de luminarias cremos que é imprescindible e unha nunha zona que ten moito movemento, porque fai un ano presentamos ao goberno 10 actuacións e das 10 saíron 3 adiante porque esas estaban feitas polos catro grupos, das que eu presentei non saíu ningunha adiante. Podería traer unha lista de dez pero considero que estas son as primordiais e o grupo de goberno terá a miña lista de actuacións.

Toma a palabra a Sra. Molinos que con relación que a obra que vostede retirou foi que se fixera só unha parte da obra e non a obra completa.

Toma a palabra a Sra. Núñez que con relación a Rúa da Capela ten razón pero debe terse en conta o estado da mesma e que se fixera a mesma de xeito íntegra sen parcheado. En canto a substitución dos focos porque non se consideraba alumado público o realmente que fan é alumear o campo. Cremos que si que o había que ter tido en conta en vez de outras actuacións e non se fixo pero o que está a tempo de facer é a través do IDAE é conseguir cambiar eses focos, xa que, o consumo non debe ser o máis rigoroso. Dende o BNG temos claro que estamos aquí para detectar e sinalar para que se melloren as nosas infraestruturas e os servizos da nosa veciñanza, xa que, somos a representación dos veciños de Outes.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:



CO: 5 abstencións
PP: 5 votos a favor
BNG: 2 votos a favor
GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

5. Moción Bloque Nacionalista Galego.

Favorable

Tipo de votación

MOCIÓN

O concello de Outes conta cun territorio repleto de xacementos históricos que, na maior parte, nunca foron suxeitos dun estudo arqueolóxico nin, moito menos, dunha intervención mínima de posta en valor. Temos máis dunha ducia de castros, torres, petroglifos, gliptogrifos, pazos, pontes e moitos outros fitos que descubrir e comprender no noso territorio.

Por desgraza, sabemos ben da situación de abandono no que se atopan a maior parte dos xacementos arqueolóxicos do noso concello e consideramos que esta situación debería mudar e abriremos un camiño cara un pobo que coida e estuda os seus restos históricos, é hora de comezar a facelo.

No caso do Castelo de Outes (do século XV), construído con gran probabilidade enriba dun castro fortificado, conta cunhas vistas privilexiadas dende onde se controlaba o val do río Tins e no que, tras ser asediado polo Arcebispo de Santiago, nos atopamos cun relato histórico ben chamativo. Segundo a documentación do preito de Tabera-Fonseca, comezado no 1526, onde son interrogadas varias testemuñas sobre o estado actual das fortalezas que se deberan arranxar para volverlas ao seu estado orixinal, despois das revoltas irmandiñas, describía da seguinte maneira a fortaleza:

“.. estaba rodeada dunha muralla ben elaborada e había tamén outras edificacións para apousentos e outros servizos. Tiña unha torre de pedra, de dous sobrados coas paredes de dez pés de grosor e cubricións de tella. Había ademais outra torre redonda á súa beira, de pedra labrada, fabricada en granito e encintada con cal, tiña tres sobrados, cubrición de tella e ameada”.

Neste mesmo preito testifica Pedro Lorenzo de Sarnón, veciño de Noia de 60 anos



de idade, do que o letrado transcribe o seguinte: “ninguén ousa vivir nel dende hai máis de vinte anos porque nel andaba o demo que espantaba as xentes que nel están e queren durmir.”...”porque tamén estando nel unha noite, paróuselle diante unha visión grande e horrible, facéndose con el aos brazos para botalo por unha escaleira abaixo, ate que a testemuña atopou a porta e se zafou del”...”aínda despois noutra volta estando a testemuña ao pé do castelo o demo fíxolle outro espanto e a outros que alí estiveran... foi un queixar de espanto o que nel ocorrera”.

Estas inéditas declaracións converten o Castelo de Outes na primeira edificación de Galiza en ser documentado un suposto demo. Dende o BNG queremos que se dean os primeiros pasos na conservación, estudo e intervención do noso patrimonio arqueolóxico e consideramos o Castelo de Outes, pola súa historia, reunión de diferentes etapas históricas e catalogación como Ben de Interese Cultural (Segundo a lei 16/1984), o xacemento perfecto para comezar.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte **ACORDO**

1. Que o concello de Outes se poña en contacto cos propietarios das parcelas nas que se ocupa o ben patrimonial e faga as xestións oportunas para poder facer unha limpeza e intervención inicial no lugar.
2. Que o concello de Outes poña en coñecemento deste acordo á dirección xeral de Patrimonio da Xunta de Galiza e xestione con este organismo unha limpeza e intervención arqueolóxica do xacemento.
3. Que o goberno de Outes faga as xestións oportunas para que o financiamento destes traballos non recaia exclusivamente nas arcas municipais

DEBATE

Toma a palabra a Sra. Molinos para indicar que cando noutros plenos se debateron cuestións similares manifestamos que a nosa postura é que os gobernos municipais deben velar polo mesmo. Vemos que na proposta que teñen en conta aos veciños das parcelas afectadas, pensamos que estes teñen que ser coñecedores e como así entendemos que o fan apoiaremos a súa moción.

Toma a palabra o Sr. Caamaño e anuncia o apoio á moción e indica que non hai nada máis importante para un Concello que o seu patrimonio, o único pero é que poñen no punto 3 para que o financiamento destes traballos non recaia exclusivamente nas arcas municipais eu, se mo permiten, quitaría o de



exclusivamente.

Toma a palabra o Sr. González que indica que tamén están de acordo coa proposta e que debe ser posto en valor e por sorte nos últimos tempos hai iniciativas que xa o fan e nós estamos organizando visitas para que se coñeza o noso patrimonio. Sinalar que no acordo igual temos que poñernos primeiro en contacto coa Xunta para poder facer calquera actuación e adianta o apoio á moción.

Toma a palabra o Sr. Núñez para dicir que agrádelles saber o apoio por parte de toda a Corporación e que se teña en conta o coidado do noso patrimonio histórico e cremos que isto é moi importante e que ten que ser a nosa identidade local e nacional, é moi importante ter en conta todo isto. Esperemos que o Concello non teña que aportar e que sexan outras administracións con máis recursos.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

6. Moción Bloque Nacionalista Galego.

Favorable

Tipo de votación

MOCIÓN

A Comisión Europea vén de impoñer un novo regulamento que se traduce no feche para a pesca nun total de 87 zonas do Atlántico nororiental, o que afecta a unha superficie superior a 16.000 quilómetros cadrados, e que está a provocar consecuencias negativas para os buques equipados con artes de fondo como redes de arrastre de fondo, enmalle, ou palangre de fondo, entre outros. Unha medida xa aplicada, que supón a expulsión da frota galega destas zonas, a redución de capturas e previsíbeis conflitos entre artes nas áreas que serán obxecto de maior concentración de buques.

Este regulamento, imposto desde a Comisión Europea (CE) sen un contraste e



interlocución efectiva co propio sector, é un novo golpe que se engade ás limitacións de TACs e cotas de pesca, ao impacto derivado do Brexit, ou á aplicación das medidas de conservación e dun regulamento técnico e de control, que viñeron a limitar e dificultar a faena da frota galega.

Estamos diante dun acordo da CE que non contou co apoio unánime do Consello nin coa aprobación do Parlamento europeo, que se tomou residenciándoo nuns informes científicos e técnicos insuficientes e refutábeis, por parciais e desactualizados, sen diálogo e busca de alternativas co sector, sen unha avaliación socioeconómica sobre o seu impacto e cunhas consecuencias que poden ser estarrecedoras, e que non pode ser aceptado baixo ningún concepto. As consecuencias desta decisión, que para alén do seu impacto brutal en termos produtivos e de emprego, supón tamén agudizar a cada vez maior dependencia da importación de peixe e un previsíbel aumento dos prezos, dificultando o acceso ao peixe aos segmentos sociais de menores ingresos.

A efectivización deste regulamento arbitrario e inxusto representa un golpe en toda a regra á nosa frota, afectando a varios centos de barcos galegos e ameazando millares de postos de traballo. Punto por punto cúmprense os peores agoiros do sector que, malia a estar sometido a unha estrita regulación e control e a non ter permitido xa pescar en todos os lugares onde existen ecosistemas vulnerábeis, vén de comprobar como os seus esforzos non só non son recoñecidos se non que son desprezados e demonizados.

Nos últimos meses, o sector pesqueiro de artes de fondo levou a cabo innumerábeis actuacións para tratar de contrarrestar e combater unha decisión que se adopta agora, mais que xa vén de lonxe.

Descoñécense as actuacións concretas desenvolvidas polo Goberno español e a Xunta de Galiza no marco da rolda de consultas realizada pola CE cos estados membros. Tampouco hai constancia de institucionalmente se tivese formulado unha alternativa perante a proposta de regulamento, finalmente aprobado, que conciliase a protección dos ecosistemas mariños e as biomasas de peixes coa protección dunha actividade pesqueira que é estratéxica para territorios de alta dependencia da pesca como Galiza.

Por outra banda, segue a ser difícil de entender como Galiza, potencia pesqueira no contexto da UE, non posúe ningún tipo de ferramenta política de representación e decisión no ámbito pesqueiro e científico.



En definitiva, o impacto do novo regulamento imposto pola Comisión Europea supón unha ameaza de primeiro nivel que pode facer desaparecer este sector estratéxico tal e como o coñecemos, como advertiron xa publicamente tanto dende o propio sector como dende organizacións sindicais como a CIG.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte **ACORDO**

1. Instar a Xunta de Galiza a:

1.1. Convocar con carácter inmediato o Consello Galego de Pesca para organizar unha resposta unitaria de todo o sector do mar e de todo o tecido social do país (partidos políticos, organizacións sectoriais, sindicais, sociais, etc.) ante o grave golpe que supón a prohibición da pesca de fondo en 87 áreas do Atlántico nororiental, decretada pola Comisión Europea.

1.2. Defender á frota galega da pesca de artes de fondo esgotando todas as vías posíbeis e que, de acordo co sector, se consideren.

1.3. Iniciar de inmediato o procedemento xudicial en contra da decisión da Comisión Europea.

1.4. Defender a presenza directa de Galiza en todos os foros institucionais (políticos, executivos e científicos), a comezar polo vindeiro Consello de Ministros de Pesca da UE que terá lugar no mes de decembro.

2. Instar ao Goberno español a:

2.1. Despregar todas as accións que como estado membro poida exercer para lograr a anulación do regulamento imposto pola Comisión Europea.

2.2. Esixir no inmediato unha moratoria na aplicación do regulamento.

2.3. Establecer medidas compensatorias, dialogadas co sector afectado, que en ningún caso impliquen o acceso a programas de despezoamento ou exportación de buques a terceiros estados.

DEBATE

toma a palabra a Sra. Molinos que indica que queren deixar claro a nosa desconformidade co veto da Comisión Europea coa pesca de fondo, esta foi unha decisión unilateral sen falar cos estado e co sector e tanto é así que a Directora Xeral para Asuntos Marítimos e de Pesca na súa visia a Galicia no pasado mes de xuño comprometeuse a revisar a mesma e non fixo nada. Só en Galicia esta condición afecta a un elevado número de embarcacións, medidas como estas



poñen en risco o futuro da frota e de empregos. Todo isto levase manifestando dende os diferentes grupos e isto é un auténtico despropósito e anuncia o apoio á moción.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que fixo chegar unha enmenda, xa que, consideramos que a Comisión Europea chegou a un acordo sen a maioría necesaria no consello consultivo e que os estudos nos que se basou non son actuais e que poñen en perigo miles de postos de traballo en todo o noso territorio. Anuncia o apoio á moción con ou sen enmenda. Estamos fartos de que sempre nos recorten, para cando decisións consensuadas coa xente implicada e que vive e como e sabe máis que ningún político da súa labor?

A enmenda é a seguinte: “engadir un punto 3. A corporación de Outes amosa o seu total apoio ao sector pesqueiro galego ante un novo ataque das institucións comunitarias europeas á pesca de fondo e todo o noso apoio a todas as medidas que se tomen tanto na Xunta de Galicia como non goberno de España para intentar contrarrestar e combater este veto tan prexudicial para a frota galega e o resto do país”.

Toma a palabra o Sr. González que indica que están de acordo coa moción e que a decisión europea non se atopa amparada. Cremos que temos que defender os nosos intereses na Unión Europea e estamos de acordo coa moción.

A enmenda é aceptada polo BNG e procédese á votación da moción coa enmenda incorporada co punto terceiro.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 a votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 a favor

7. Moción Bloque Nacionalista Galego.

Favorable

Tipo de votación

MOCIÓN



A Consellaría de Sanidade leva anos recortando e desmantelando os recursos da Sanidade Pública Galega, coa finalidade de reducir gasto e favorecer a sanidade privada, que medra de maneira imparábel. Paralelamente, as persoas responsábeis do SERGAS son incapaces de planificaren e de xestionaren a Atención Primaria, poñendo en cuestión a continuidade do sistema de Atención Primaria.

Entre outras cousas, as reducións de persoal, a prioridade pola consulta telefónica por riba da presencial, as dificultades para contactar cos centros e conseguir cita, o peche de consultas, centros e PAC, etc., impiden o acceso normal á asistencia sanitaria.

Como consecuencia do exposto, desapareceu da Atención Primaria a promoción, prevención, rehabilitación, participación e o traballo comunitario, mentres que o persoal está sometido a unha situación de presión, inestabilidade e precariedade, incompatíbeis cunha atención de calidade.

En Outes somos ben coñecedores desta realidade, sen ir máis lonxe volvemos estar, outro ano máis, dous meses sen pediatra no noso centro de saúde. Unha situación da que o servizo galego de saúde ten previsión e da que, nesta ocasión, se lle ocorreu remendar cun puericultor, un técnico no coidado dos cativos que non pode medicar, nin derivar, nin valorar calquera das patoloxías que poidan aparecer.

Ante isto a nova xerente do SERGAS só se lle ocorre dicir que “A poboación ten que entender que non pode haber un pediatra en cada centro de saúde”. Unhas declaracións totalmente inaceptábeis e que só amosan o nulo interese do goberno da Xunta por solucionar esta problemática tan grave.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte **ACORDO**

1. Apoiar a Iniciativa Lexislativa Popular promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, integrada por organizacións sociais, sanitarias, de pacientes, sindicais e políticas, que pretende que o Parlamento Galego, debata e aprobe unha serie de medidas:

1.1. Estabelecer a atención presencial ao paciente como regra xeral para as consultas médicas.



- 1.2. Fixar uns mínimos, na dispoñibilidade de centros e persoal por habitante, para salvagardar a calidade da atención aos e ás pacientes.
- 1.3. Acabar coa inestabilidade e precariedade do persoal e realizar, como mínimo, unha convocatoria anual de prazas.
- 1.4. Reabrir as consultas, Centros de Saúde e PAC de Urgencias pechados durante os últimos anos.
- 1.5. Incrementar o persoal médico, de enfermaría, administrativo dos centros de saúde e redimensionar os seus cadros de persoal, incorporando novas categorías profesionais aos equipos como psicoloxía, fisioterapia, atención temperá, logopedia, etc., para desmedicalizar a atención e ofrecer unha asistencia integrada.
- 1.6. Recuperar as Xerencias de Atención Primaria para dotalas de capacidade de planificación e autoxestión e acabar co seu sometemento aos hospitais. Que sexan o elemento esencial para organizar e integrar a Atención Primaria cos hospitais, saúde pública, asistencia social e atención á dependencia.
- 1.7. Desenvolver as conclusións do Consello Técnico de Saúde de Galicia.
- 1.8. Poñer en marcha o Consello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria, para que a poboación teña capacidade real de planificar, decidir e avaliar a actividade dos centros.
- 1.9. Todas estas medidas, recollidas na ILP, deberían aprobarse de maneira urxente polo Parlamento de Galicia (dada a gravidade da situación da Atención Primaria, en risco real de desmantelamento e privatización) e ir acompañadas dun incremento do orzamento de Atención Primaria ata alcanzar o 25% do total.

2. Que o concello de Outes lle inste ao SERGAS a dotar dun pediatra ao centro de saúde coa maior premura posíbel e que esta situación non se repita en vindeiras ocasións.

DEBATE

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que antes de nada quixera dicirlle á Sra. Suárez de que a cita tarde 15 días non é certo porque mentres vostede falaba nós pedimos unha cita e dérona mañá día 21 de outubro. Dende o ano 2009 estamos a escoitar como o BNG como o goberno da Xunta esta a recortar a sanidade pública e favorecendo a privada e isto acentuase cando se acercan campañas electorais. Os orzamentos da Xunta desminte isto, o orzamento do SERGAS no ano 2022 aumentou un 23% con relación ao do 2009 e no persoal un 22,5%, se nos referimos a persoal contratado o aumento é do 18%, con relación a atención primaria si que descende esta baséase no aforro de receitas de farmacia, xa que o capítulo de persoal aumenta así como o aumento de persoal con relación ao



2009. os datos obxectivos non abalan a súa información de que se favorece á sanidade privada e isto desprendese dos informes do Consello de Contas.

En relación ás reivindicacións de falta dos médicos de atención primaria vostedes obvian de que faltan tamén noutras comunidades e polo tanto non poderá ser achacado á Xunta e que as competencias en materia de regulación de persoal sanitario é do goberno central. Gustaríanos que en Galicia se contase cos médicos que se precisen e máis no centro de saúde de Outes pero sabemos que moitas veces transcenden máis alá do noso concello e da nosa comunidade.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que realiza unha pregunta ao PP de que todo é medible de que se pediron a cita presencial ou telefónica? Ao que a Sra. Molinos contesta presencial. O Partido Socialista non é a primeira vez que amosa o seu mal estar coa forma de actuar á Xunta con relación á sanidade pública. Esas medidas deberían axudar a non saír perdendo, as palabras da iluminada de quenda que di “que non en todos os concello pode haber un pediatra” habería que dicirlle é que así non se apoia o rural e habería onde está ese aumento de médicos. A Xunta de Galicia este verán ofertou en Sanxenxo triple soldo e estancia gratuíta para atraer a atención primaria, esa non é falta de medios iso é tema de prioridades. Médicos no rural é onde fan falta e onde máis xente maior está sóla. E anuncia o apio á moción.

Indica o Sr. González que apoiaran esta moción e que están de acordo a pesar de aspectos concretos que puideran ser matizados. Parécenos importante fortalecer a atención primaria e cubrir as necesidades e aumentar os recursos a estas finalidades. Hoxe mesmo dimos ese traslado que se indica no segundo punto e que indícanos que non son capaces de cubrir esas baixas. Esta é unha cuestión importante e Outes seguirá tendo unha praza de pediatría e manifestou que seguiría existindo a mesma.

Toma a palabra a Sra. Suárez con relación ás palabras do PP, este debate que estamos tratando no noso Concello e a problemática co pediatra e en breve cos médicos de atención primaria. Da igual o lugar onde debatas esta cuestión señores do PP os malabaristas dos números, son especialistas en mareas números. Delle as voltas que queiran e píneno como queiran. Falamos de sanidade pública para todos e accesible. En canto ao que acaba de aclarar o Sr. González esa foi a persoa coa que nos puxemos en contacto dende o BNG para preguntarlle que pasaba co pediatra de Outes e non tivo problema en dicirnos que a isa praza quedábanlle dous anos e dende ese momento os nenos de Outes serán repartidos entre o cupo de pediatra de Noia e Outes, sabes porque? Pola



perda poboacional do noso Concello e por iso insistimos tantas veces na importancia deste punto. En canto o tema dos profesionais de atención de a sánidade pública teñen a cantilena moi gastada. Sabe cantos enfermeiros e enfermeiras saíron 128 e contratadas polo SERGAS 18 e as outras sobraron na área de Santiago, cónteno como queiran.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 abstencións

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

C) ROGOS E PREGUNTAS

- PREGUNTAS DO PLENO ANTERIOR:

- **PP:**

PREGUNTA 1.- O Concello executou unhas obras na pista da Portela a Vara en San Cosme e tivemos coñecemento de que coas escorrentas das augas producíronse desperfertos en dita pista e o material esta depositado no bordos da mesma, polo que se formula as seguintes preguntas:

- Cal é o importe das partidas económicas para esas obras?
- Existe algún tipo de proxecto desas obras?
- Tiña o Concello o permiso dos donos dos terreos que nalgúns puntos das obras foron incorporados para o ancheamento de dita pista?
- Ten o Concello algún tipo de contrato coa empresa que realizou a obra?
- Cal é o importe das actuacións?
- Como se van amañar os danos xa citados da obra e quen vai asumir os gastos?

Responde o Sr. González que esta obra é unha obra incluída no programa de AGADER para mellora de camiños rurais. O custe o proxecto ascendía a 27.963 € a maiores o concello vendo que había necesidade dunha canalización fíxose da cuneta de 170 metros por 9.800 € a parte. Falamos con algún veciños, sobre todos cos que tiñan os tubos moi altos e o que se fixo foi a entrada na súa propiedades e



deu o seu permiso pero en liñas xerais non fixo falta. Temos problemas coas escorrentas que despois de limpar a grava anterior volveu o problema e imos tentar solventalo e que non arrastre a agua e estamos intentando solventar todos os problemas.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que si que esta engadida en AGADER e se vostedes colgaran as cousas na plataforma teríamos maior acceso e facilitaríanos o traballo. Di vostede que o proxecto de AGADER son 36.000 € sen embargo no cartel pon sobre 48.000 €. Entón sobre o que se dixo aos propietarios a uns si e a outros non. Se non teñen decidido como van a solventar o problema cando o saiba xa nolo contará.

Responde o Sr. González que sobre a contía o proxecto inclúe outra obra máis por iso esas contías.

PREGUNTA 2.- Como se pode explicar que con data sete de xullo deste ano o Concello adxudicara un contrato menor de 7.713,15 euros para a elaboración dun plan antifraude, cando a Deputación, co data do catro de xullo anterior publicou o servizo gratuíto da elaboración dese plan para concellos das características do Concello de Outes?

Responde o Sr. Alcalde que isto faise por dúas razóns, por un lado que levábamos tempo traballando neste plan e tiñamos presa porque xa tiñamos fondos aprobados financiados con Fondos Next generation e en xuño xa tiñas unha partida para material bibliográfico. Era unha cuestión de premura, o que posibilita a Deputación é a adhesión. Indica a Sra. Molinos se ese custo tamén inclúe a avaliación de riscos ao que o Sr. González indica que si.

- **BNG:**

PREGUNTA 1.- En relación coa pregunta xa formulada no mes de agosto referente ao proxecto de instalación dos ventiladores no pavillón de Roo, que segue pechado;
- Segue o alcalde mantendo que a instalación de 21 ventiladores será o mais acaído para solucionar o problema das humidades?

Responde o Sr. González que seguen crendo que o problema fundamental é buscar como sacar esa humidade por iso trouxemos unha memoria para liberar crédito, non aprobamos ningún proxecto. Agora estase traballando nos pregos e estase traballando para sacar a licitación para darlle solución ao problema, pero non



sabemos o número de ventiladores nin a solución. O que sacamos son os pregos para darlle unha solución.

Indica a Sra. Suárez vostede convenceunos de que o mellor eran os 21 ventiladores e que o crédito aprobado era para isto ao que nós xa lle dixemos que non nos parecía a mellor solución.

PREGUNTA 2.- Unha vez que se produza a cesión prevista do antigo de CEIP de Roo;

- A onde irán as actividades culturais que se fan ali?
- Que vai pasar co local de ensaio que foi aprobado a súa ubicación en ditas instalación por unha moción do BNG?

Responde o Sr. González que están valorando diferentes opcións, locais sociais no concello que son aptos como o local social de San Cosme que pode servir para desenvolver estas actividades.

- PREGUNTAS POR ESCRITO PARA O PRESENTE PLENO:

- **PP:**

1ª PREGUNTA. O pasado día 24 rematou o prazo para xustificar a execución da obra de Rehabilitación dunha vivenda da Escola do Bosque para o seu uso como vivenda de alugueiro social. Para esa actuación o IGVS concedeu unha axuda de 40.000€. No Pleno de mes de Agosto preguntámoslle porque non se dera ningún paso para comenzar a actuación e vostedes responderon que estaban a espera de que lles concedesen unha prórroga para a xustificación da finalización da obra, porque se deron conta de que non eran capaces de acabala en prazo.

- ¿Tiveron contestación acerca desa petición de prórroga? De ser así ¿Cal foi esa contestación?.

- De ser concedida, con que data se lles notificou e de canto tempo é a prórroga?

Responde o Sr. González que non tivemos notificación por escrito da prórroga, si que é certo que cando falamos con eles dixéronnos que non había problema pero seguimos agardando por esta notificación.

2ª PREGUNTA. No folleto das actividades de inverno para este ano 2022, na sección de deportes figura que no Centro Náutico Francisco Rama Fufú do Freixo



impartiranse clases de Bautismo de Mar (4 horas con horario sen definir), Windsurf perfeccionamento e adultos (sen definir) e vela infantil iniciación os sábados de 10 da mañá as 2 da tarde.

- ¿As actividades que non se definen, están a ser impartidas? De ser así ¿en que condicións?

- ¿Cantos alumnos acoden á actividade dos sábados?

- ¿De cantas persoas se compón a plantilla de persoal docente e que funcións ten cada unha?

Responde o Sr. Gándara que indica que non se están a realizar esas actividades e o motivo é que a persoa que as desempeñaba solicitou unha excedencia e seguimos traballando na súa substitución. Indica a Sra. Molinos se non hai monitor, alumnos nin actividades e aclara a súa pregunta. O Sr. Gándara matiza que non hai alumnos pero si que hai usuarios e aclara a diferenza entre ambos. Aclara a Sra. Molinos que entón actividades con monitor non hai.

3ª PREGUNTA. A principios deste ano, e despois de 6 meses de ter finalizado a presentación de ofertas, adxudicáronse as obras de “Reforma e Mellora da EDAR de Outes”, as nosas preguntas ao respecto son:

- ¿En que fase de execución se encontran as obras?

- ¿Presentáronse xa certificacións referentes a esa obra? De ser así, ¿cantas foron, por que valor e en que data se presentaron?

- ¿Que Administracións financian finalmente esa actuación?

Responde o Sr. González que as obras practicamente rematadas e xa comezaron a facer as probas da EDAR. Hai tres certificacións presentadas, indica as datas das mesmas, e indica que falta a certificación final. A maioría finánciase con recursos propios e augas de Galicia danos case 104.000€.

A Sra. Molinos indica que ao pasar pola EDAR o cartel indica que son 300.000€ financiado pola Deputación da Coruña pola plan de obras e servizos entón pensei que me perdería ou houbera outra subvención que non sabíamos.

4ª PREGUNTA No pasado Pleno Ordinario do mes de agosto, o noso Grupo fíxolle un rogo ao Goberno Municipal para que incorporaran persoal especializado co fin de atender e asesorar aos veciños que teñen problemas de comprensión coas comunicación recibidas polo tema da revalorización que fixeron do IBI. Dado que o departamento de Urbanismo está funcionando en precario e ata onde podemos saber era o que, dalgún xeito, atendía esas demandas. Queremos saber:



- ¿Que tipo de atención se lle está prestando na actualidade aos veciños que precisan axuda relacionada con ese tema?

Responde o Sr. González que tivemos unha reunión co titular do servizo de recadación da Deputación e eles nos trasladan que eles non poden aportar persoal e o que fixemos foi contratar un asistente técnico e coincidiu con unha baixa da persoa que apoia tecnicamente a esta oficina. E o que se fixo foi reforzar co persoal do concello estes problemas.

- **BNG:**

PREGUNTA 1. Están comezando as obras no club de piragüismo da Ponte. Unhas instalacións propiedade do Concello, e nas que, tradicionalmente, había veciños e veciñas que gardaban embarcacións, sin ter que ser socios do club. Agora, coa nova directiva non está permitido. Son coñecedores desta situación? Van ofrecer algunha solución?

Responde o Sr. González que dende que se puxo en marcha o club é certo que hai máis actividade e se nos traslada que se precisa máis espazo e neses sentido é positivo. Esta limitado á capacidade e teremos que ver se somos capaces que convivan ambas actividades.

Indica a Sra. Suárez que postos a dar solucións démolas e non se pode obrigar a ser membro dun club para poder gardar alí as embarcacións e sería bo que todos puideran facer uso das mesmas e chegaronnos queixas de que está pasando o mesmo no pantalán. Non pode ser que un club privado é que sexa dono o propietario de instalacións adxacentes.

PREGUNTA 2. Este mandato investiu vostede 300 mil euros en pistas forestais. Cal foi o criterio para seleccionar as pistas forestais a arranxar? Que foi o que primou por riba, antes de valorar as dificultades e riscos de moitos dos noso lugares e aldeas?

Responde o Sr. González que o criterio foi a necesidade de mellora dos distintos camiños, non sempre se pode chegar a todo nin temos recursos para todo. A cantidade de km de pistas forestais non podemos chegar a todo e coas actuacións feitas estamos contentos. Indica a Sra. Suárez se para o Sr. Alcalde é máis importante a subida ao Tremuzo a estes arranxos nas pistas forestais. É cuestión de coñecer o Concello e de escoitar aos veciños.



PREGUNTA 3. Ten pensado acometer algún bacheado de urxencia nalgúns viais? Se é así, en cales?

Responde o Sr. González que teñen pensado realizalo nas próximas semanas, aínda estamos planificando que sitios concretos. A Sra. Suarez pregunta polos criterios ao que o Sr. González indica onde haxa baches.

PREGUNTA 4. A Deputación vén de anunciar axudas á dependencia e mobilidade, BOP 10/13/22. Axudas que vostedes non publicitaron. Cal foi a razón para non facelo?

Responde o Sr. González que está vostede moi despistada. O que saíu foi o anuncio da convocatoria da taxa reguladora de autonomía persoal do Concello, son as mesmas do ano pasado. Primeiro se publican as bases reguladoras e posteriormente o extracto da convocatoria que é cando comeza a contar o citado prazo.

PREGUNTA 5. Fai un par de semanas eramos coñecedores dunha reunión entre os alcaldes da comarca e os responsables de Monbus. Foi convocado vostede a esa reunión? Trasladou as dificultades do estudantado do noso Concello para ter uns servizos mínimos que garantan o seu dereitos?

Responde o Sr. González que somos descoñecedores da reunión e que non fomos convocados e estamos reiterando á Xunta de Galicia os problemas que temos cos problemas da frecuencia da liña de Ponte Nafonso. Indica a Sra. Suárez que lamentan que non o convidasen e que asistiron alcaldes de Concellos limítrofes.

PREGUNTA 6. Na piscina de Outes os capachos saen pola porta!! Sr. González, cando pensa darlle solución para que poidamos disfrutar dunhas instalacións en condicións?

Responde o Sr. Rodríguez que como xa comentaron na moción é un problema estrutural e vai supoñer un forte investimento e estamos a traballar para que este non recaia de xeito exclusiva de prazos e en canto aos prazos non descartamos da comentada anteriormente. Indica a Sra. Suárez que se esa era a vía xa o poderían ter feito.

PREGUNTA 7. Cando ten pensado executar a obra para acondicionar a unitaria de Tarás como local social?



Responde o Sr. González que a obra foi incluída no POS 2022 e puido ser incluída antes pero non tivemos o apoio e agardamos que estea en seis meses.

PREGUNTA 8. En marzo deste ano tamén solicitamos acceso a calquera documento, sen importar no estado de desenvolvemento no que estivera, sobre o estudo e deseño do plan de saneamento integral. Aínda non obtivemos resposta. Dende que o pleno desta corporación aprobou a moción do BNG para facelo no 2019, fixeron algún trámite para darlle cumprimento? Encargaron o plan aos técnicos correspondentes?

Responde o Sr. González que onte mesmo trasladamos un documento que forma parte da planificación que temos que levar a cabo, polo tanto, estámonos dotando dos documentos precisos e dos profesionais para levar a cabo esta mellora. Indica o Sr. Núñez que non entenden que é tan difícil de entender e que o que se aprobou en 2019 é a aprobación de un plan e indica que non respondeu á pregunta. O Sr. González indica que o que se lle remitiu ten un alcance de planificación moi importante o resto está por elaborar pero o que temos claro é que partimos dunha realidade que existe e agora imos actuar na cuestión que actuamos fai un pouco.

- **Partido Socialista:**

PREGUNTA 1.- En xuño deste mesmo ano o Partido socialista trouxo unha moción sobre o estado dalgunhas obras de recentes actuacións e na que apoiado por todos os grupos se quedou en identificar e avaliar as deficiencias destas obras (Lémbrolles que falamos das humidades da escola de Viladomonte e do chan posto con Tarima nas aulas de infantill do CEIP de Outes, dende este partido queríamos preguntar si xa se identificaron as deficiencias e si xa se dirimiu a quen lle corresponden as responsabilidades das mesmas e que se fai a facer?

Responde o Sr. González que as deficiencias están identificadas e a decisión a quen lle corresponde aínda non está tomada. Indica o Sr. Caamaño que as deficiencias xa as identificou el.

PREGUNTA 2.- Unha moción tamén aprobada aquí tiña que ver coa legalización de algúns manantiais e augas que debería facer o concello, pero que segundo vostede deberían facer os veciños e non o concello. Pois ben algúns veciños levaron adiante as súas palabras e legalizaron algunhas augas en algúns lugares e agora preguntan a quen lle pasan a Factura si a vostede ou ó concello?. Eu adianteime a vostede e xa lles dixen que o concello non ten culpa de que o seu alcalde non leve



adiante mocións aprobadas por maioría da corporación, así que o mellor sería que lla deran a vostede, pero bueno díganos o seu parecer e contéstelles vostede.

Responde o Sr. González que de sempre os veciños do rural e de Outes xestionaron as súas augas e que temos que agradecer e aplaudir e o que dixemos foi que non imos a poñer a nome do Concello augas veciñais.

- PREGUNTAS PARA O VINDEIRO PLENO:

- **PP:**

PRIMEIRA 1. Se non entendemos mal cando respondeu á pregunta do Plan Antifraude, vostede está seguro que a Deputación non ten previsto prestar os servizos de avaliación de riscos e seguimento de medidas e instrución de procedementos de menos de 10.000 habitantes?

- **BNG:**

PREGUNTA 1. Acaba de dicir vostede Sr. González que non hai obriga do Concello o abastecemento de auga potable á veciñanza?

- **Partido Socialista:**

PREGUNTA 1. En que punto se atopa a moción do PSOE de Outes que pedía xuntarnos para debater que axudas deberíamos dar aos nosos deportistas campións?

- ROGOS:

- **PP:**

ROGO 1. Veciños de distintos puntos do Concello fixéronnos chegar o seu malestar polo estado de abandono no que se encontran os interiores dos núcleos no que a limpeza e adecentamento se refire. Rogámoslle que tome as medidas necesarias.

ROGO 2. Fai pouco tempo que remataron as obras de Humanización da Av. De San Campio, pois ben, o viren as primeiras chuvias podemos ver como se forma un gran charco que permanece sen evacuar a auga durante moito tempo. Tomen as medidas necesarias para determinar a causa e que se tome unha solución.



ROGO 3. Estamos observando que en distintas partes do Concello está a haber anegamentos, tanto en terreos como pistas e edificación e son debido ao mal estado da limpeza das cunetas. Rogámoslle que tomen as medidas necesarias e que os veciños, na medida do posible, non teñan que sufrir as consecuencias da falta de limpeza das cunetas.

ROGO 4. Cúmprese dous anos dende que vostedes se comprometeron a limpar as beiras das estadas que unen Entíns con Fontenlos, a vostedes non sei se esta situación lles parece cómica e a actuación innecesaria, o que si lles parece aos usuarios da estrada é un menosprezo cara eles e un perigo para a seguridade vial. Podía pasarse por aí e ver que para os condutores atoparse con un vehículo de fronte é un problema. Por 22ª vez rogámoslle ao Goberno que non menosprece aos veciños de Fontenlos, do Vilar e aos usuarios do vial e que procedan ao seu adecentamento.

- **BNG:**

ROGO 1. Rogámoslle que lle devolvan aos veciños da parroquia de Cando a cruz do cruceiro que teñen nun capacho no almacén e que non pensan arranxar. Devólvallo á asociación de veciños de Cando.

ROGO 2. Colocaron luminarias no paseo da Ponte e os tornillos sobre saen 10 ou 15 cm por encima do pé da luminaria, un paseo frecuentado por rapaces.

ROGO 3. Os viais do lugar de Outes atópanse en moi mal estado e precisan dunha intervención urxente. Rogamos que actúen para solventalo.

ROGO 4. Como xa temos exposto a falta de cobertura de telecomunicacións é un problema de primeira magnitude para o noso Concello, existen varios lugares onde é un problema diario, o Concello debe presionar ás administracións que teñen as competencias pertinentes para solucionalo canto antes. Rogamos que informe e solicite o ministerio de asuntos económicos e transformación dixital que aumente a cobertura en base ao territorio non a poboación e solucione este problema que pon en risco á poboación.

- **Partido Socialista:**



ROGO 1. Despois de máis de tres anos de mandato séguenos a chegar reclamacións dos núcleos do rural sobre os contedores de recollida do lixo. Rogámoslle que dean outra volta e miren os que fan falta.

ROGO 2. Voulle agradecer que xa puxeran a luz no Albán. Voulle rogar que merquen algunhas máis e indicareilles aonde fan falta.

ROGO 3. Logo de ver as fatalidades que poden ocorrer sen deficiencias nas paredes . Rógolle que tome medidas coas paredes do campo de fútbol do Conchido.

Remata a sesión ás 23:15 horas do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

